

ALEMAÑA:

NO CADRO RECÓLLENSE REGRAS XERAIS, PERO ESTAS PODEN SUFRIR MODIFICACIÓNS EN ATENCIÓN ÁS CIRCUNSTANCIAS CONCRETAS.

EN TODAS ELAS SE PARTE DUN OBRIGADO TRIBUTARIO QUE É PERSOA FÍSICA E RESIDENTE EN ESPAÑA

Por tanto, España será o Estado de residencia para efectos de tributación por renda mundial.

A mención que se fai no cadro “ESPAÑA/ALEMAÑA”, significa que, alén de España, Alemaña tamén podería gravar estas rendas sempre e cando así o prevexa a súa normativa interna.

ORIXE DA RENDA	ESTADO DE TRIBUTACIÓN		
RENDAS INMOBILIARIAS	ESPAÑA/ALEMAÑA		
DIVIDENDOS	ESPAÑA/ALEMAÑA (Límite 15% se é beneficiario efectivo)		
INTERESES	ESPAÑA (se son percibidos polo beneficiario efectivo)		
GANANCIAS PATRIMONIAIS	Derivadas de bens inmobles	ESPAÑA/ALEMAÑA	
	Alleamento dunhas accións ou participacións que teña nunha sociedade cuxo principal activo sexan bens inmobles radicados en Alemaña	ESPAÑA/ALEMAÑA	
	Alleamento de accións ou participacións que outorguen ao propietario das devanditas accións, participacións ou dereitos, o dereito ao goce de bens inmobles situados en Alemaña	ESPAÑA/ALEMAÑA	
	Alleamento de bens mobles que formen parte do activo dun establecemento permanente que teña en Alemaña	ESPAÑA/ALEMAÑA	
	Alleamento doutros bens distintos*	ESPAÑA (cando resida en España o transmitente)	
RENDAS DO TRABALLO (soldos/salarios) Teletraballo**	REGRA XERAL	ESPAÑA	
	REGRAS ESPECIAIS	I. Se o traballo se desenvolve en Alemaña	ESPAÑA/ALEMAÑA
		II. Se, a pesar de desenvolverse o traballo en Alemaña, se cumpren as seguintes condicións: a) o traballador permanece en Alemaña durante un ou varios períodos cuxa duración no seu conxunto non exceda de 183 días en calquera período de 12 meses que comece ou finalice no período impositivo considerado e	ESPAÑA

		b) o pagador non é residente en Alemaña, ou c) o pagador non ten un establecemento permanente en Alemaña que soporte as remuneracións.			
RETRIBUCIÓNS CONSELLEIROS	ESPAÑA ALEMAÑA				
PENSIÓNS	PENSIÓNS PRIVADAS	REGRA XERAL	ESPAÑA		
		REGRA APLICABLE DESDE 2015 (pagos seguros sociais Alemaña)	Cando o feito xerador se produza a partir do 31/12/2014	Entre 1/01/2015 e 31/12/2029 A partir do 1/01/2030	ESPAÑA/ALEMAÑA Alemaña: Máximo 5%
	PENSIÓNS PÚBLICAS	REGRA XERAL	ALEMAÑA		
		REGRA ESPECIAL	beneficiario da pensión pública é residente en España e ten a nacionalidade española		ESPAÑA
REMUNERACIÓNS PÚBLICAS	Salarios pagados por Estado alemán	ALEMAÑA			
OUTRAS RENDAS	ESPAÑA				

* VENDA DE ACCIÓNS DUNHA SOCIEDADE ALEMÁ:

Venda de accións dunha sociedade. Transmitente ten a residencia fiscal en España	Previamente ao cambio de residencia o transmitente foi residente en Alemaña menos de 5 anos	Tributan en España
	Previamente ao cambio de residencia o transmitente foi residente en Alemaña 5 anos ou máis	Posible tributación compartida: Alemaña pode gravar l ganancia en proporción ao período de residencia en Alemaña, de acordo coa súa normativa interna. A venda debe realizarse en prazo de 5 anos desde o cambio de residencia fiscal

** TELETRABALLO:

Empresa pagadora alemá	Traballador: - Galego retornado e - Ten residencia fiscal en España	SUPOSTO A: Teletraballa	SUPOSTO B: Traballa en Alemaña mediante visitas esporádicas
		Tributa só en España	Podería tributar en España e Alemaña